



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomear peóns de limpeza de praias para a Campaña de limpeza de praias 2019, subvencionados pola Deputación Provincial da Coruña

Núm. Admvo. Expte.: 2019/E001/000004

Expte. Decreto Núm.: 2019/G003/000527

Mediante resolución de Alcaldía núm. 458/2019, de data 04/06/2019 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación de 10 peóns para a Limpeza de praias marítimas deste Concello para a Campaña 2019 (subvencionado pola Deputación da Coruña ó abeiro do programa MA100: Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2019).

Por resolución de Alcaldía núm. 490/2019, de data 14/06/2019 aprobouse a lista de admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria e convocábase aos aspirantes para a realización da proba da fase de oposición para o día 19/06/2019, ás 9:00 h.

Vista a acta de selección do tribunal reunido do día 19/06/2019 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas ao concurso-oposición para a provisión como persoal laboral temporal de DEZ peóns que realizarán tarefas de limpeza nas praias marítimas deste Concello de Laxe, na que propón designar a José María Fernández García, Ivanno Alexandre Suárez Dios, M^a Mercedes Blanco Martínez, José Ramón Alborés Pose, Juan Méndez Ramos, Miguel Alberto de Pinho Dias, Carmen Estrella Gómez Blanco, M^a Luz Castro Rodríguez, Manuel Andrea Romero e M^a Gloria Vigo Pereira como peóns para a limpeza de praias marítimas deste concello.

Na mesma acta elabórase unha lista de reserva por orde de puntuación: Torsten Herbert Kohler, Vicente Bello Lema, Erundina Adelantado Suená, Elvira Alborés Pose, Manuela Domínguez Liñeiro, Miguel Gómez Blanco, Rosa Durán Alborés, Irene Nadiuska Suárez Dios, Encarnación Iglesias Domínguez e M^a Inés Álvarez Bugallo.

Unha vez comprobada a documentación presentada polas persoas aspirantes José M^a Fernández García e M^a Gloria Vigo Pereira establecida na base undécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Primeiro. Designar a José M^a Fernández García e M^a Gloria Vigo Pereira como peóns, persoal laboral temporal na Limpeza de praias marítimas deste concello, durante dous meses dende o 02/07/2019 e ata o 01/09/2019, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial de 35 horas semanais e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

Segundo. Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello e dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 01/07/2019 13:54:00)

Begoña Carrasco García

(FECHA: 01/07/2019 13:51:00)

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 01/07/2019 13:51:00)

Decreto Nº: 512/2019 - Fecha de decreto: 01/07/2019

Versión imprimible

CVD: EW4lWWh/KOAA0npcFkDq
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)